

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO
O 22 DE FEBREIRO DE 2018,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

DECRETOS

**VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA**

- Decreto polo que se modifica o Decreto 42/2001, do 1 de febreiro, de refundición en materia de axencias de viaxes, guías de turismo e turismo activo.

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA

- Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade da travesía interior de Redondela (antiga N-550) e os seus ramais de enlace coa estrada N-550 a prol do Concello de Redondela.
- Decreto polo que se declara en concreto a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto de construción: Alarga e mellora da PO-230. p.q. 12 + 630-14 + 430, de clave: PO/16/109.10, no concello de Cerdedo-Cotobade.

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Decreto polo que se aproba a oferta de emprego público correspondente a prazas de persoal funcionario dos corpos docentes que imparten as ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2018.

ACORDOS

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Acordo polo que se ordena a interposición de recurso contencioso-administrativo contra a Orde ETU/66/2018, do 26 de xaneiro, pola que se fixan os tributos e recargas considerados para efectos dos suplementos territoriais e se desenvolve o mecanismo para obter a información necesaria para a fixación dos suplementos territoriais en relación coas peaxes de acceso de enerxía eléctrica correspondentes ao exercicio 2013.

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO

- Acordo polo que se autoriza a Sociedade Galega do Medio Ambiente (Sogama) á contratación do servizo de xestión integral da planta de clasificación de envases lixeiros de Sogama (NC 0002-2018) cun valor estimado de dezasete millóns douscentos vinte e sete mil catrocentos euros (17.227.400,00€).
- Acordo polo que se autoriza a tramitación do expediente de contratación relativo á execución da obra colector interceptor e tanque de tormentas en Rianxo. Rianxo (A Coruña), clave OH.315.1107 por un importe de licitación de seis millóns cincocentos mil trescentos trinta e catro euros con sesenta e sete céntimos (6.500.334,67€) e un valor estimado de cinco millóns trescentos setenta e dous mil cento setenta e sete euros con corenta e un céntimos (5.372.177,41 €), cofinanciada pola Unión Europea a través do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder) nun 80%, no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020.
- Acordo polo que se autoriza a tramitación do expediente de contratación relativo ao servizo de asistencia técnica no control e asesoramento da entidade pública empresarial Augas de Galicia aos concellos galegos na explotación das súas instalacións de depuración de augas residuais, de clave OH.388.388, por un importe de licitación de tres millóns cento oitenta e tres mil trescentos vinte e cinco euros con setenta céntimos (3.183.325,70 €) e un valor estimado de seis millóns catrocentos mil seiscentos setenta e dous euros con oitenta e nove céntimos.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se autoriza a contratación da subministración sucesiva de medicamentos parenterais para os centros hospitalarios do Servizo Galego de Saúde, por un importe de oito millóns catrocentos oito mil cento setenta e sete euros con dez céntimos (8.408.177,10 €) e un valor estimado de vinte e un millóns vinte mil catrocentos corenta e dous euros con setenta e oito céntimos (21.020.442,78 €).
- Acordo polo que se autoriza a contratación da subministración sucesiva de Infliximab e Folitropina Alfa para os centros hospitalarios do Servizo Galego de Saúde, por un importe de dez millóns cento setenta e sete mil vinte e catro euros (10.177.024 €) e un valor estimado de vinte e cinco millóns catrocentos corenta e dous mil cincocentos sesenta euros (25.442.560 €).

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL

- Acordo polo que se autoriza a tramitación do expediente de gasto relativo ao contrato do servizo de educación infantil para nenos e nenas de 0 a 3 anos en escolas infantís de titularidade privada, procedemento aberto suxeito a regulación harmonizada, tramitación documental simplificada (Exp. P.A. 7/2018). Importe do orzamento e valor estimado: seis millóns seis mil euros (6.006.000 €).

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería do Medio Rural e a Fundación Paideia Galicia para o desenvolvemento dun proxecto para a mellora do material forestal de reprodución, por importe de centro trinta e cinco mil euros (135.000 €), durante os anos 2018, 2019 e 2020.

CONSELLERÍA DO MAR

- Acordo polo que se autoriza a tramitación do expediente de contratación, suxeito a regulación harmonizada, documentalmente simplificada, por procedemento aberto, tramitación ordinaria e sistema multicriterio, das obras de construción de pantaláns para embarcacións de acuicultura no porto de Cabo de Cruz (A Coruña), por un importe de licitación de cinco millóns novecientos noventa e seis mil douscentos vinte e un euros con trinta e tres céntimos (5.996.221,33 €), IVE excluído, e un valor estimado de cinco millóns novecientos noventa e seis mil douscentos vinte e un euros con trinta e tres céntimos (5.996.221,33 €), IVE excluído.

INFORMES

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA

- Informe sobre o convenio de colaboración entre a Consellería de Economía, Emprego e Industria e o Concello de Cabanas para a renovación da instalación da iluminación pública no contorno do piñeiral da praia da Madalena.

O CONSELLO DA XUNTA APROBA DEFINITIVAMENTE A ADAPTACIÓN AO MARCO EUROPEO DO DECRETO DE AXENCIAS DE VIAXES

- ***Co ditame favorable ao texto de adaptación dun dos artigos por parte do Consello Consultivo de Galicia, a Xunta autorizou hoxe esa modificación, que permite a súa adecuación á normativa comunitaria***
- ***Esta actualización permitirá ofrecer máis protección aos usuarios de viaxes combinadas fronte á quebra ou insolvencia das empresas***

O Consello da Xunta autorizou hoxe definitivamente a adaptación do decreto de refundición en materia de axencias de viaxes, guías de turismo e turismo activo adaptado ao marco europeo.

Despois de que o pasado mes de decembro o Consello da Xunta permitise a modificación dun dos seus artigos para a súa adaptación á normativa comunitaria, agora, co ditame favorable do texto final por parte do Consello Consultivo de Galicia, dá o visto e praxe definitivo a esta actualización.

O cambio refírese ao artigo 16 do Decreto 42/2001 e que supón a actualización da normativa autonómica á normativa comunitaria, froito do borrador acordado en 2016 entre as diferentes comunidades autónomas e o Ministerio de Enerxía, Turismo e Axenda Dixital.

A garantía derivada desta modificación proporcionará así máis protección ás persoas usuarias fronte á quebra ou insolvencia das empresas organizadoras e as retallistas de viaxe combinadas, que deberán constituír a dita garantía con carácter previo ao exercicio da súa actividade e mantela de xeito permanente.

Esta garantía permitirá responder ao incumprimento das obrigas derivadas da prestación dos servizos contratados e ao reembolso efectivo dos pagamentos realizados polos viaxeiros na medida en que estes non se prestasen.

O decreto fora xa sometido ao preceptivo informe do Consello do Turismo de Galicia, así como á consulta das organizacións máis representativas do sector e ao informe do Consello Galego de Consumidores e Usuarios. A súa entrada en vigor será o día seguinte da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA A TRANSFERENCIA AO CONCELLO DE REDONDELA DA TRAVESÍA INTERIOR DESTE MUNICIPIO E OS SEUS RAMAIS DE ENLACE COA N-550

- *Trátase dun treito antigo da actual N-550, transferido polo Estado á Xunta despois da construción dunha variante da estrada nacional no núcleo de Redondela*
- *Esta infraestrutura ten carácter urbano, constituíndo unha rúa de Redondela, e ao pasar a ser municipal verase liberada das restricións propias da rede autonómica*
- *A Consellería de Infraestruturas e Vivenda ten entre as súas funcións a tramitación dos cambios de titularidade das estradas incluídas nas redes dependentes da comunidade autónoma e das entidades locais*
- *Coa transferencia, o Concello será o responsable da conservación e mantemento e poderá actuar sobre esta vía de acordo coas súas características*

O Consello da Xunta aprobou hoxe a transferencia ao Concello de Redondela da travesía interior deste municipio e os seus ramais de enlace coa estrada N-550.

Este municipio solicitou á Consellería de Infraestruturas e Vivenda o cambio de titularidade da travesía interior de Redondela (antiga N-550). Trátase dun treito antigo da actual estrada N-550, transferido polo Estado á Xunta en 1982, xurdido como resultado da construción dunha variante da estrada nacional no núcleo de Redondela.

Ao abeiro das previsións legais, a Área de Planificación e Programación da Axencia Galega de Infraestruturas informou favorablemente o cambio de titularidade da travesía interior de Redondela e os seus ramais de enlace coa estrada N-550, que ten funcionalidade local e conta cunha alternativa de maior capacidade.

Esta infraestrutura ten un carácter eminentemente urbano, constituíndo unha rúa do núcleo de Redondela, acoutada polas edificacións e con múltiples accesos a rúas secundarios.

A Consellería de Infraestruturas e Vivenda ten entre as súas funcións a tramitación dos cambios de titularidade das estradas incluídas nas redes dependentes da Comunidade autónoma e das entidades locais.

Coa transferencia, o Concello de Redondela será o responsable da conservación e mantemento e poderá actuar sobre esta vía de acordo coas súas características, sen ser de aplicación as restricións da normativa autonómica de estradas, como, por exemplo, as limitacións de usos ou actividades nas súas marxes ou nos accesos.



A XUNTA INVESTIRÁ MÁIS DE 600.000 EUROS NA ALARGA E MELLORA DA ESTRADA PO-230 EN CERDEDO-COTOBADE, ENTRE OS NÚCLEOS DE SERRAPIO E VICHOCUNTÍN

- *O Consello da Xunta aprobou hoxe o Decreto de utilidade pública e urxente ocupación dos terreos afectados polas obras, que se prevé licitar nas vindeiras semanas*
- *A actuación prevista abranguerá 1,8 quilómetros e suporá ampliar o largo da vía desde os 5 ata os 7 metros e mellorar o trazado da estrada rectificando varias curvas*
- *Acometeranse traballos de drenaxe, executaranse muros de contención e renovarase a sinalización necesaria*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o decreto polo que se declara en concreto a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto de alarga e mellora da estrada PO-230 no concello de Cerdedo-Cotobade. Esta actuación ten por finalidade mellorar a seguridade viaria do treito comprendido entre os núcleos de Serrapio ata Vichocuntín e suporá un investimento da Administración económica de máis de 600.000 euros.

O Decreto de utilidade pública aprobado hoxe permitirá a expropiación das 26 leiras necesarias para acometer as obras, que se desenvolverán entre os puntos quilométricos 12 + 650 e 14 + 430 da estrada autonómica que conecta Campo Lameiro e Vichocuntín.


A Consellería de Infraestruturas e Vivenda prevé licitar nas vindeiras semanas estes traballos por un importe de 610.000 euros, aos cales deben sumarse os 6.350 en que se estima o custo das expropiacións.

Este proxecto, consistente na alarga e mellora da estrada, afecta a un treito de 1,8 quilómetros, desde o núcleo de Serrapio ata o punto final da estrada, na intersección coa Nacional 541, en Vichocuntín.

As obras previstas comprenden a ampliación da calzada ata acadar un largo de 7 metros (actualmente ten entre 5 e 5,5 metros) e a rectificación de varias curvas para mellorar o trazado da estrada. Actuarase, ademais, na drenaxe da plataforma, prevendo tamén o tendido e revestimento das gabias de seguridade.

Así mesmo, está previsto construír muros de contención nos puntos necesarios e renovar a sinalización horizontal, vertical e de balizamento.

Con estes traballos mellorarase a seguridade viaria e a comodidade na circulación dos usuarios desta vía.



O CONSELLO DA XUNTA APROBA UNHA OFERTA PÚBLICA DE EMPREGO DE 2050 PRAZAS DE DOCENTES

- ***A Consellería decidiu incrementar a proposta de oferta pública de emprego, a petición e de xeito consensuado cos membros da comisión de seguimento do acordo de estabilización de emprego***

O Consello da Xunta aprobou hoxe a oferta de emprego público da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para o ano 2018, un total de 2.050 prazas en 30 especialidades. O obxectivo é seguir avanzando na diminución da taxa de interinidade dos corpos docentes que, cun 13% é xa a máis baixa de todo o Estado.

Cómpre sinalar que a Consellería decidiu incrementar o número de prazas da convocatoria –desde as 1.919 anunciadas inicialmente ata as 2.050 que se convocarán finalmente- tras negociar e consensuar as peticións dos membros da Comisión de Seguimento do Acordo de Estabilización de Emprego, co fin de acadar o antes posible a diminución da taxa de interinidade ata un 6%, aproximadamente.

A distribución de prazas por especialidade queda como segue:

Ingreso

Corpo de profesores de ensino secundario

Especialidade	Reserva persoas con discapacidade	Libre	Total
Lingua Castelá e Literatura	5	70	75
Xeografía e Historia	5	60	65
Matemáticas	11	142	153
Física e Química	5	83	88
Bioloxía e Xeoloxía	4	56	60
Inglés	4	46	50
Orientación Educativa	3	32	35
Tecnoloxía	5	60	65
Lingua Galega e Literatura	5	70	75
Intervención Sociocomunitaria	1	19	20

Organización e Xestión Comercial	2	23	25
Organización e Proxectos de Sistemas Enerxéticos	1	14	15
Procesos Diagnósticos Clínicos e Produtos Ortopotéticos	1	14	15
Procesos Sanitarios	2	20	22
Sistemas Electrotécnicos e Automáticos	2	23	25

Corpo de profesores técnicos de formación profesional

Especialidade	Reserva persoas con discapacidade	Libre	Total
Estética	1	19	20
Instalación e Mantemento de Equipos Térmicos e de Fluídos	1	19	20
Operacións e Equipos de Producción agraria	1	17	18
Procedementos de Diagnóstico Clínico e Ortoprotésico	1	15	16
Procedementos Sanitarios e Asistenciais	3	37	40
Procesos Comerciais	2	22	24
Servizos de Restauración	2	20	22

Corpo de mestres

Especialidade	Reserva persoas con discapacidade	Libre	Total
Educación Infantil	8	102	110
Lingua Estranxeira: Inglés	4	46	50
Lingua Estranxeira: Francés	4	46	50
Educación Física	4	51	55
Música	2	33	35
Pedagogía Terapéutica	5	70	75

Audición e Linguaxe	6	84	90
Educación Primaria	17	223	240

Acceso do subgrupo A2 ao subgrupo A1

Corpo de profesores de ensino secundario

Especialidade	A2-A1	Reserva persoas con discapacidade A2-A1	Total
Lingua Castelá e Literatura	23	2	25
Xeografía e Historia	20	2	22
Matemáticas	48	4	52
Física e Química	27	2	29
Bioloxía e Xeoloxía	20	1	21
Inglés	17	1	18
Orientación Educativa	11	1	12
Tecnoloxía	20	2	22
Lingua Galega e Literatura	21	2	23
Intervención Sociocomunitaria	6		6
Organización e Xestión Comercial	7	1	8
Organización e proxectos de sistemas enerxéticos	5		5
Procesos diagnósticos clínicos e produtos ortoprotésicos	5		5
Procesos Sanitarios	6		6
Sistemas electrotécnicos e automáticos	7	1	8

Acceso desde o subgrupo A1 ao subgrupo A1

Corpo de profesores de escolas oficiais de idiomas

Especialidade	A1-	Reserva persoal con discapacidade	Total
---------------	-----	-----------------------------------	-------

	A1	A1-A1	
Inglés	28	2	30

A maiores, e dentro das 2.050 prazas, convocaranse prazas de acceso ao corpo de catedráticos de música e artes escénicas:

Especialidade	Reserva persoas con discapacidade	Libre	Total
Acordeón		1	1
Canto	1	4	5
Clarinete	1	4	5
Composición	1	8	9
Contrabaixo		2	2
Fagot		1	1
Frauta traveseira		4	4
Etnomusicoloxía		1	1
Guitarra	1	4	5
Historia da música		4	4
Improvisación e acompañamento	1	5	6
Música de cámara		2	2
Musicoloxía		1	1
Óboe		2	2
Pedagogía		2	2
Percusión		4	4
Piano	1	10	11
Repertorio con piano para instrumentos	1	9	10
Repertorio con piano para voz		4	4
Saxofón		3	3
Trombón		3	3

Trompa		2	2
Trompeta		4	4
Tuba		2	2
Viola		2	2
Violín	1	5	6
Violoncello		4	4

A XUNTA RECORRERÁ CONTRA A ORDE ESTATAL QUE REPERCUTE NOS CONSUMIDORES OS IMPOSTOS AUTONÓMICOS SOBRE O SECTOR ELÉCTRICO

- ***Presentará un recurso contencioso-administrativo contra a Orde de xaneiro de 2018 que fixa os tributos e recargas autonómicas que se terán en conta para calcular o suplemento territorial***

O Consello da Xunta autorizou hoxe a interposición dun recurso contencioso-administrativo contra a Orde ETU/66/2018, do 26 de xaneiro, que fixa os tributos e recargas considerados para calcular os suplementos territoriais da enerxía eléctrica correspondentes ao exercicio 2013.

Esta orde ditouse de conformidade co disposto na Lei do sector eléctrico de 1997 e en execución de dúas sentenzas do Tribunal Supremo. Así, a Lei de 1997 establecía no seu artigo 17 que, naqueles casos en que as comunidades autónomas gravasen directa ou indirectamente as actividades e instalacións destinadas á subministración eléctrica, poderíase incluír na peaxe de acceso que pagan os consumidores un suplemento territorial que cubrirase o sobrecusto provocado por eses tributos.

Durante o 2013 estableceuse a obrigatoriedade desta medida. A finais dese mesmo ano, na Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico, esa medida xa pasou a ter carácter potestativo, de aí que a orde ETU/66/20128 se refira só a ese exercicio.

O obxectivo da Orde de xaneiro de 2018 contra a cal vai recorrer a Xunta é establecer que tributos de Galicia, vixentes en 2013, deben ser tidos en conta para determinar o suplemento territorial e incluídos nas peaxes de acceso que se aplican aos consumidores. En concreto, a orde establece que en Galicia se computarán as seguintes figuras tributarias: canon de saneamento, imposto sobre contaminación atmosférica, imposto sobre o dano medio ambiental causado por determinados usos e aproveitamento de agua encorada, e o canon eólico.

A Xunta apunta que todos estes tributos teñen como obxectivo compensar os efectos negativos que estas actividades teñen sobre o contorno natural e preservar o ambiente. En consecuencia, a súa recadación destínase á conservación, reparación, e restauración do ambiente.

Por iso, considera que non é posible repercutir aos consumidores estes impostos, en tanto non gravan o consumo de electricidade nin se refiren á produción ou xeración de enerxía eléctrica. Ao tratarse de impostos de carácter ambiental, a postura da Administración autonómica é que o custo debe ser soportado polo que xera o dano, seguindo o principio de "quen contamina, paga", consagrado no acervo comunitario dos tratados da Unión Europea.

SOGAMA LICITA POR MÁIS DE 17,2 MILLÓNS A XESTIÓN INTEGRAL DA SÚA PLANTA DE CLASIFICACIÓN DE ENVASES LIXEIROS

- *O contrato, cunha vixencia de tres anos prorrogables ata un máximo de cinco, ten un importe global de 17.227.400 euros, dos cales 16.445.000 euros corresponden á xestión propiamente dita e 782.400 euros a investimentos*
- *Prevese, entre outras actuacións, a dotación de dous novos separadores ópticos, un novo equipo de aire comprimido e unha nova prensa multimaterial*
- *A separación dos distintos materiais (envases de plástico, latas e briks) lévase a cabo de forma mecánica, e son remitidos posteriormente aos centros de reciclaxe para garantir a súa transformación en novos produtos*
- *Desde a automatización da instalación no ano 2008 e ata 2017, procesáronse nela un total de 197.888 toneladas de envases*

O Consello da Xunta autorizou hoxe a licitación, por parte de Sogama, da xestión integral da súa planta de clasificación de envases lixeiros, na cal se procesan os materiais depositados polos cidadáns nos contedores amarelos localizados nos concellos adscritos ao seu modelo.

O contrato, cun importe de 17.227.400 euros (+ IVE), dos cales 16.445.000 euros corresponden á xestión propiamente dita e 782.400 euros a investimentos, rexerá por un período de tres anos, e pode ser prorrogado de forma expresa ata un máximo de cinco. Entre os investimentos que se acometerán, cómpre sinalar a dotación de dous novos separadores ópticos, un novo equipo de aire comprimido e unha nova prensa multimaterial.

É preciso recordar que esta instalación, posta en marcha no ano 1998, coincidindo coa implantación do sistema de recollida selectiva en Galicia, foi automatizada en 2008, e que se procesou nela, desde a súa automatización ata o ano 2017, un total de 197.888 toneladas de envases plásticos, latas e briks.

A separación das distintas tipoloxías de material (PET, PEAD, plástico mixto, briks, filme, aluminio e aceiro) lévase a cabo a través de mecanismos tales como campás aspiradoras, electroimáns, correntes de Foucault e lectores ópticos, garantindo desta forma unha maior eficiencia do proceso.

Unha vez segregados, os materiais son prensados e embalados, e son remitidos posteriormente aos centros de reciclaxe, onde se convierten en novos produtos para reincorporarse ao circuíto comercial. Todo un exemplo de economía circular, xa que os residuos son transformados en recursos contribuíndo así ao aforro de enerxía e materias primas.

Garantías e calidade

O contrato establece unha serie de garantías e incide na efectividade relativa ao proceso de selección de materiais, atendendo aos criterios establecidos por Ecoembes. No caso de que as balas de material destinadas á reciclaxe conteñan unha porcentaxe de impropios superior ás especificacións e procedementos incluídos no Convenio marco formalizado entre a Xunta de Galicia e Ecoembes, o adxudicatario queda obrigado a reprocessar, á súa custa, o devandito material ata que cumpra coas exixencias requiridas.

Non obstante, é preciso destacar que, nos últimos anos, o rendemento desta instalación se viu incrementado, o que se traduciu nunha maior eficiencia na selección de materiais, así como na redución da porcentaxe de impropios das balas con destino aos centros de reciclaxe. En concreto, en 2017 o rendemento da planta mellorou ata un 61,1%.

Formación e concienciación

Desde a posta en marcha desta instalación, as campañas de información, formación e concienciación cidadá respecto ao bo uso dos contedores de recollida selectiva non deixaron de sucederse.

Unha das últimas, bautizada co lema *Oportunidades Galicia. Separemos ben, reciclaremos mellor* e que impulsou a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, en colaboración con Ecoembes e Sogama, chegou de forma directa a máis de 104.000 persoas a través de preto de 2.000 accións desenvolvidas en escenarios tan diferentes como as rúas dos concellos, feiras, mercados, centros educativos, centros comerciais, asociacións e eventos deportivos, entre outros. O seu obxectivo era sensibilizar os cidadáns sobre a necesidade de separar correctamente os residuos en orixe e depositalos nos contedores de destino para garantir a súa posterior reciclaxe.

O principal obxectivo destas e outras iniciativas de sensibilización impulsadas polo goberno autonómico é precisamente propiciar o abandono do actual modo de vida lineal, caracterizado polas malas prácticas de usar e tirar, e transitar cara a un circular no cal se reduza a produción de lixo, se potencie o máximo aproveitamento dos produtos e se incentive a recuperación de residuos, evitando así o consumo desmedido dos xa limitados recursos naturais.

MEDIO AMBIENTE LICITARÁ NAS VINDEIRAS SEMANAS AS OBRAS DO COLECTOR E DO TANQUE DE TORMENTAS EN RIANXO POR 6,5 MILLÓNS DE EUROS

- *O Consello da Xunta aprobou o gasto desta actuación hidráulica que está recollida no Plan de saneamento local do Concello de Rianxo*
- *O obxectivo é resolver as infiltracións de auga nas redes de saneamento do municipio, redución que se acadará grazas á mellora dos colectores principais*
- *Augas de Galicia asume o financiamento desta obra, que, xunto coa construción da nova Edar, se traduce nun investimento de 14 millóns de euros*

O Consello da Xunta, na súa reunión desta mañá, autorizou o gasto que permite á Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio a licitación das obras do colector interceptor e do tanque de tormentas no Concello de Rianxo. Así, nas vindeiras semanas Augas de Galicia licitará as obras por un importe de 6,5 millóns de euros, que está financiada nun 80% polo programa operativo europeo Feder.

O obxectivo desta actuación hidráulica é resolver os problemas derivados da elevada infiltración de auga nas redes de saneamento do municipio, a través da súa redución mellorando o estado dos colectores principais e a súa xestión grazas á regulación dun tanque de tormentas.

A rede actual, a pesar de ser separativa, presenta fallos no funcionamento dos bombeos e hai unha xestión deficiente destes. Tamén se teñen detectado verteduras industriais con cargas elevadas, tanto á rede como ao medio receptor, así como a insuficiencia do colector interceptor e da Edar para tratar o caudal que reciben.

Asemade, a capacidade do colector interceptor vese na actualidade amplamente superada polo caudal que recibe. No inverno, cando a infiltración é maior, o colector chega xa sobrecargado ao núcleo urbano, provocando verteduras polos aliviños constantes desta infraestrutura.

As obras, incluídas no Plan de saneamento local do Concello de Rianxo-redactado por Augas de Galicia-, consistirá na instalación dun novo colector interceptor de case 1,5 quilómetros de lonxitude e nun tanque de tormentas cun volume de retención de 700 m³, que estará enterrado e próximo ao pozo de bombeo, que funcionará como impulsión cara á depuradora.

A importancia desta actuación radica, non só no feito de mellorar un servizo a máis de 23.000 habitantes, senón tamén no obxectivo de recuperar zonas degradadas pola contaminación da costa e aumentar a competitividade económica e o fomento do turismo.

Plan se saneamento local da ría de Arousa

Para mellorar a calidade das augas da zona de Rianxo e da ría en que se integra, Augas de Galicia redactou o Plan de saneamento da ría de Arousa.

Dentro da relación de actividades deste plan levouse a cabo un intenso traballo para o coñecemento e diagnóstico da situación actual do sistema de saneamento e depuración de Rianxo no cal se definiron as actuacións prioritarias que resultaban necesarias para solucionar as carencias do sistema de saneamento.

A raíz deste traballo, en setembro de 2017 asinouse un convenio de colaboración entre Augas de Galicia e o Concello de Rianxo para a execución das actuacións de mellora dos sistemas de saneamento e depuración na ría de Arousa. No marco deste convenio executaranse as obras para a mellora do sistema de saneamento e depuración. O importe global para ambas as actuacións (Edar e colector interceptor e o tanque de tormentas) ascende a 14 millóns de euros.

A XUNTA LICITA O CONTRATO DE APOIO E ASESORAMENTO AOS CONCELLOS GALEGOS PARA A EXPLOTACIÓN DE MÁIS DE 100 DEPURADORAS

- *O Consello da Xunta aprobou o gasto para a licitación deste contrato público, que este ano inclúe como principal novidade o apoio técnico ás entidades que presenten maiores problemas para a realización de estudos sobre as principais causas e a identificación de posibles melloras*
- *Augas de Galicia destinará máis de 3 millóns de euros para dar cobertura aos concellos que xestionan servizos de depuración de aglomeracións de máis de 2.000 h-e (habitantes equivalentes)*
- *O principal obxectivo é dar soporte técnico axeitado ás entidades locais que explotan as súas estacións depuradoras, para obter os máximos rendementos de depuración posibles, en beneficio da calidade das augas dos ríos e rías*

A Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio destina máis de 3 millóns de euros ao contrato de apoio e asesoramento a máis de 100 concellos galegos na explotación das depuradoras de augas residuais. O Consello da Xunta na súa reunión desta mañá aprobou o gasto polo que se licita este contrato de asistencia na explotación das instalacións de depuración de augas residuais de máis de 2.000 habitantes equivalente (h-e).

Unha das novidades que presenta o contrato -cunha duración de dous anos, prorrogables- que se licitará nas vindeiras semanas é que incluírá o apoio técnico ás entidades locais cuxas redes presenten maiores problemas, para a realización de estudos sobre as causas principais destes, así como a identificación de posibles melloras na xestión do servizo para atenuar o eliminar os ditos problemas.

O obxectivo deste contrato é dar soporte técnico axeitado ás entidades locais que explotan as súas estacións depuradoras, co obxectivo principal de obter os máximos rendementos de depuración posibles, en beneficio da calidade das augas dos ríos e rías.

Neste sentido, darase cobertura a aquelas entidades locais galegas que teñen que xestionar un servizo de depuración de aglomeracións de máis de 2.000 habitantes equivalentes existentes en Galicia xestionadas por administracións locais, que na actualidade en Galicia son 121.

Traballos de control, vixilancia, inspección e asesoramento

Cómpre lembrar que Augas de Galicia realiza traballos de asistencia técnica ao control e asesoramento aos concellos galegos na explotación das súas instalacións de depuración de augas residuais, de forma continuada para facilitar o cumprimento da

Directiva Europea 91/271 do 21 de marzo de 1991, sobre o tratamento de augas residuais urbanas. Tamén exerce un control exhaustivo das instalacións executadas por Augas, que están en fase de explotación e aínda non foron entregadas os concellos.

Desde o punto de vista técnico, a explotación e mantemento destas instalacións é unha cuestión complexa e require de persoal especializado, que os concellos non teñen ao seu cargo habitualmente, polo que se considera necesario dar soporte técnico a estas entidades, co obxectivo principal de que se obteñan os máximos rendementos de depuración posibles.

En canto ás instalacións hidráulicas competencia das entidades locais, habitualmente se fan campañas analíticas, control dos caudais de auga que brota e auga tratada, consumos eléctricos, produción de lamas e a súa xestión, contrólase o correcto funcionamento dos equipos de desinfección e realízanse informes de diagnóstico completos para valorar deficiencias e modificacións nas instalacións. Ao mesmo tempo, tamén se valoran os custos de explotación, elabóranse os plans de explotación e mantemento, no caso de non dispoñer deles, avalíanse as condicións de seguridade e saúde e cóbrense todo tipo de situacións anormais.

No caso das depuradoras (en fase de explotación), realízase unha vixilancia sistemática da xestión e funcionamento, así como a elaboración e programación das analíticas, defínense os programas de mantemento e a xestión adecuada de lodos e residuos, así como todas aqueles traballos necesarios para o óptimo funcionamento da instalación: alarmas, autorizacións etc.

O SERGAS DESTINA MÁIS DE 18,5 MILLÓNS DE EUROS Á CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN SUCESIVA DE VARIOS MEDICAMENTOS

- *A tramitación centralizada destes expedientes, incluídos no Plan de compras centralizadas do Sergas 2018-2019, suporán un aforro de 3, 2 millóns de euros*
- *A compra de medicamentos parenterais realízase a través de 20 lotes, dos cales dous lotes (caspofungina e ferro carboximaltosa) son de nova contratación*
- *O outro expediente tramita a compra de Infiximab –utilizado principalmente para o tratamento de enfermidades reumatolóxicas, dermatolóxicas e dixestivas- e Folitropina alfa -empregada maioritariamente en diferentes técnicas de reprodución asistida como a fecundación in vitro*

O Consello da Xunta autorizou esta mañá a contratación da subministración sucesiva de medicamentos parenterais e outros medicamentos específicos por valor de 18.525.201,1 euros.

En concreto, trátase da subministración sucesiva de medicamentos parenterais para os centros hospitalarios do Servizo Galego de Saúde por valor de 8.408.177,10 euros. Divídese en 20 lotes, dos cales 18 xa están sendo adquiridos en expedientes de contratación previos, con prezos de licitación iguais ao prezos actuais do Sergas; os outros dous lotes (caspofungina e ferro carboximaltosa) son de nova contratación. O aforro anual estimado desta contratación ascende a 837.597,00 euros o que supón unha redución media nos 20 lotes para contratar dun 16,6%.

O outro expediente, é a subministración sucesiva en dous lotes de Infiximab —un anticorpo monoclonal incluído dentro das chamadas terapias biolóxicas utilizado principalmente para o tratamento de enfermidades reumatolóxicas, dermatolóxicas e dixestivas— e Folitropina alfa —unha gonadotrofina utilizada maioritariamente en diferentes técnicas de reprodución asistida como a fecundación *in vitro*— para os centros hospitalarios do Servizo Galego de Saúde. O orzamento total de licitación é de 10.177.024,00 euros (IVE engadido)

A contratación da subministración sucesiva dos medicamentos Infiximab e Folitropina alfa para os centros hospitalarios do Servizo Galego de Saúde suporá un aforro anual estimado de 2.432.248,00 euros, un 33,2 % sobre os prezos medios actuais do Sergas.

Ao establecer prezos únicos nos medicamentos que se van contratar, evítanse variacións significativas no prezo de compra entre os distintos centros hospitalarios do Servizo Galego de Saúde, proporciónase seguridade de pagamento aos provedores nos prazos establecidos, e increméntase o volume de contratación pública na compra de medicamentos.

Logo da autorización por parte do Consello da Xunta, procederase á licitación, valoración das ofertas, adxudicación e formalización do contrato.

A XUNTA DE GALICIA PORÁ A DISPOSICIÓN DAS FAMILIAS GALEGAS 520 PRAZAS EN ESCOLAS INFANTÍS PARA NENOS E NENAS DE 0 A 3 ANOS

- ***Distribuiranse en centros de titularidade privada co obxectivo de garantir unha oferta suficiente de prazas nas mesmas condicións que nas escolas públicas naqueles concellos onde a rede pública a día de hoxe non cobre a totalidade das demandas das familias***
- ***A determinación do prezo deste contrato realízase por prezos unitarios a razón dun máximo de 350 euros por praza ao mes de xeito que a Administración autonómica investirá seis millóns de euros***

A Xunta de Galicia aprobou hoxe a convocatoria dun concurso público para licitar en diversos concellos de Galicia 520 prazas do primeiro ciclo de educación infantil para nenos e nenas de 0 a 3 anos en escolas infantís de titularidade privada, o que supón 96 prazas máis que na liña de contratación que se puxo en marcha en 2015.

O obxectivo é garantir unha oferta suficiente de prazas nas mesmas condicións que nas escolas públicas naqueles concellos onde a rede pública a día de hoxe non cobre a totalidade das demandas das familias. Deste xeito, complétanse as posibilidades de acceso das familias galegas a unha praza sostida con fondos públicos con independencia do lugar de residencia, facilitando a conciliación da vida persoal, familiar e laboral.

As prazas estarán distribuídas en nove lotes coa seguinte distribución: 125 prazas para A Coruña, Abegondo, A Laracha, Arteixo, Bergondo, Betanzos, Cambre, Carral, Cerceda, Culleredo, Oleiros, Oza-Cesuras, Sada; 45 prazas para Santiago de Compostela, Ames, Boqueixón, Brión, Negreira, O Pino, Oroso, Rois, Teo, Touro, Trazo, Val do Dubra, Vedra; 10 prazas para Ferrol, Ares, Cabanas, Cedeira, Fene Miño, Mugaros, Narón, Neda, Pontedeume e Valdoviño; 34 destinadas a Lugo, Castro de Rei, Castrolverde, Friol, Guntín, O Corgo, Outeiro de Rei e Rábade; 58 para Ourense, Amoeiro, Barbadás, Coles, Pereiro de Aguiar, Punxín, San Cibrao das Viñas e Toén; 53 para Pontevedra, Campo Lameiro, Cotobade, Marín, Poio, Ponte Caldelas, Sanxenxo e Vilaboa; 175 prazas se repartirán entre Vigo, Baiona, Cangas do Morrazo, Gondomar, Moaña, Mos, Nigrán, Porriño, Redondela, Salceda de Caselas, Fornelos de Montes, Salvaterra do Miño, Soutomaior e Pazos de Borbén; 10 serán para Monforte de Lemos e as 10 restantes para Pontearreas.

A distribución territorial das prazas responde a que é nas sete cidades e nas súas áreas metropolitanas ou de influencia onde se concentra o maior número de nenos e nenas que non acadan praza nas escolas infantís de 0 a 3 anos da rede pública autonómica. Esta consideración esténdese aos concellos de Monforte de Lemos e Pontearreas.

A adxudicación realizarase a través de procedemento aberto e a duración do contrato será de tres anos desde a súa formalización. En canto á determinación do prezo deste contrato, este realízase por prezos unitarios a razón dun máximo de 350 euros por praza ao mes, e o seu valor estimado é de seis millóns de euros.

A licitación destas prazas publicarase no Diario Oficial de Galicia no vindeiro mes de marzo e o prazo de presentación das proposicións será de 15 días naturais contados desde o día seguinte á data da publicación.

Cómpre destacar que Galicia conta hoxe cunha ratio de cobertura en escolas infantís superior ao 40% dos nenos e nenas galegos de 0 a 3 anos, superando en sete puntos a ratio aconsellada pola Unión Europea. O obxectivo da Xunta é que no ano 2020 todos os concellos de Galicia conten cun recurso de conciliación.

Programa de apoio á natalidade

Esta actuación forma parte da área de conciliación do PAN, un programa global que persegue dar resposta ás necesidades das familias galegas, garantir o seu benestar e apoialas de maneira igual e continua. Para iso, medidas en tres grandes áreas de actuación: PAN Axudas, PAN Concilia e PAN Servizos.

A través de PAN Axudas, a Xunta quere contribuír a paliar o custo dos primeiros anos de vida dun fillo a través de incentivos fiscais e axudas económicas a través da tarxeta benvida.

Na área de PAN Servizos ofrécense recursos para as familias co obxecto de crear contornas favorables e mellorar o seu benestar no momento de chegada dun fillo ou filla. Entre as principais medidas desta área destaca a creación de dous bancos de leite materno nos hospitais da rede pública de Vigo e A Coruña.

O obxectivo das actuacións recollidas no PAN concilia é crear un ambiente social favorable no cal non entren en conflito as responsabilidades parentais de coidado co acceso e permanencia no mercado de traballo, tanto mediante a posta á disposición das familias de recursos que lles permitan compatibilizar o desempeño profesional cos labores de atención e coidado das fillas e fillos, como mediante o fomento da corresponsabilidade no fogar e da implicación empresarial. As principais actuacións desta área, xunto coa posta en marcha das casas niño, son o fortalecemento da rede pública de escolas infantís (que conta con preto de 10.000 prazas dependentes directamente da Administración autonómica e preto de 23.500 prazas sostidas con fondos públicos), o bono concilia (axuda destina ás familias que non obtiveron praza en escolas públicas ou sostidas con fondos públicos que beneficia 3700 familias), e a apertura de escolas infantís en contornas empresariais.

A Xunta de Galicia conseguiu o obxectivo de que todas as familias solicitantes dunha praza para a atención de nenos e nenas de 0 a 3 anos a obteñan e que non exista lista de espera.

A XUNTA E A FUNDACIÓN PAIDEIA COLABORARÁN NA MELLORA FORESTAL DE GALICIA IMPULSANDO ESPECIES AUTÓCTONAS COMO A CERDEIRA E O CARBALLO

- *A Consellería do Medio Rural achegará 135.000 euros en tres anos para fornecer o sector de planta de calidade que poida ser empregada nos nosos montes e así garantir a xeración de recursos para os seus propietarios e para a industria*
- *O acordo entre ambas as partes contribuirá a diminuír a forte dependencia externa na comercialización destas especies procedentes doutros países da Unión Europea e a fomentar a produción na nosa comunidade*

A Consellería do Medio Rural e a Fundación Paideia Galicia colaborarán na mellora do material forestal de reprodución, especialmente de cerdeira e carballo, para fornecer o sector de planta de calidade que poida ser empregada nos nosos montes e así garantir a xeración de recursos para os seus propietarios e para a industria.

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio neste sentido, para o que Medio Rural achegará un total de 135.000 euros distribuídos nas anualidades de 2018, 2019 e 2020. Os fondos servirán para financiar actividades de investigación e transferencia da produción dos clons destas especies, propostos e aprobados como material forestal de reprodución.

Polo tanto, este convenio favorecerá as demandas do sector forestal galego e contribuirá a diminuír a forte dependencia externa na comercialización destas especies procedentes doutros países da Unión Europea e a fomentar a produción na nosa comunidade, beneficiando ademais a diversidade forestal de Galicia e reforzando a aposta polas frondosas autóctonas.

En virtude deste convenio, a devandita fundación incrementará e optimizará o protocolo de cultivo *in vitro* de clons de cerdeira, a partir dos seleccionados polo seu crecemento e resistencia a enfermidades. Fornecerá aproximadamente 11.200 plantas desta especie. Así mesmo, estudará a capacidade de multiplicación e porá a punto as técnicas para a reprodución polo mesmo método de cultivo de 20 xenotipos de carballo, seleccionados nas diferentes moutas selectas de Galicia, para a conservación do seu xermoplasma e a subministración de material suficiente.

A fundación comprométese a utilizar so o material vexetal subministrado polo Centro de Investigación Forestal (CIF) de Lourizán e entregará o material que se xere á Dirección Xeral de Ordenación Forestal, ambas as entidades dependentes da Consellería do Medio Rural.

Pola súa banda, este departamento da Xunta achegará o material mellorado xeneticamente e coa rastrexabilidade necesaria de cerdeira, a través do CIF de Lourizán. No caso do carballo, empregárase material xenético proveniente do convenio de colaboración entre a Fundación Juana de Vega e o Instituto Galego de Calidade Alimentaria (Ingacal). A consellería participará e colaborará nas accións previstas da citada investigación co persoal técnico e científico especializado en material forestal de reprodución e achegará os fondos necesarios para a realización das accións obxecto do convenio.

O CONSELLO DA XUNTA DÁ LUZ VERDE AO INICIO DA TRAMITACIÓN DOS PANTALÁNS MEXILLOEIROS PARA O PORTO DE CABO DE CRUZ

- *O proxecto recolle a dotación de 139 prazas de amarre de esloras comprendidas entre os 12 e 22 metros para a frota mexilloeira*
- *O investimento estimado e provisional da obra ascende a máis de sete millóns de euros*

A Consellería do Mar, a través de Portos de Galicia, ten previsto o investimento de máis de 7 millóns de euros na dotación de pantaláns para a frota mexilloeira do porto de Cabo de Cruz, no municipio coruñés de Boiro. O Consello da Xunta deu esta mañá a luz verde ao inicio da tramitación e licitación das obras.

Esta actuación consistirá na construción de pantaláns para o atraque ordenado das embarcacións bateeiras. En concreto, proxéctase dotar o porto de Cabo de Cruz dunhas 139 prazas de amarre de esloras comprendidas entre os 12 e 22 metros para barcos mexilloeiros. Así mesmo, prevese a instalación dunha pantalla flotante de 216 metros de lonxitude que servirá de protección fronte ao mar e o vento.

O proxecto de obra atópase xa redactado e a autorización do Consello da Xunta permitirá avanzar cara á licitación dos traballos. Esta actuación conta cun orzamento total de 7 millóns de euros con carácter plurianual. Para este ano 2018 está consignada unha partida nos orzamentos de Portos de Galicia de 5,8 millóns e o resto do investimento consígnase para 2019.

A dotación de pantaláns para mexilloeiros virá rematar a actuación global executada nos últimos anos pola Consellería do Mar en Cabo de Cruz e que incluíu xa a construción dunha nova dársena orzamentada en 12 millóns de euros e a dotación de pantaláns para a frota pesqueira, cun investimento de 700.000 euros.

A XUNTA MANTÉN A SÚA APOSTA POLA EFICIENCIA ENERXÉTICA COA SINATURA DUN CONVENIO CO CONCELLO DE CABANAS PARA A RENOVACIÓN DA ILUMINACIÓN PÚBLICA

- *A actuación consistirá na substitución dos preto de 300 puntos de luz do contorno do piñeiral da praia da Madalena por novas luminarias tipo LED*
- *Suporá unha mellora tanto desde o punto de vista ambiental como da calidade da iluminación da zona, ademais de importantes aforros enerxéticos, equivalente ao consumo anual de 40 familias, e na factura enerxética, ao redor de 23.500 euros menos ao ano*
- *A Consellería de Economía, Emprego e Industria achega o 98% do investimento previsto, que ascende en total a 592.000 euros, e espera que o proxecto sexa un referente para futuras actuacións*

A Xunta mantén a súa aposta polo impulso do aforro e da eficiencia enerxética coa sinatura dun convenio co Concello de Cabanas para a renovación da iluminación pública no contorno do piñeiral da praia da Madalena.

En concreto, a Xunta achegará o 98% do investimento necesario -que en total ascende a 592.000 euros- para a substitución dos preto de 300 puntos de luz con que conta na actualidade e que presentan deficiencias causadas polo ambiente mariño, como a oxidación, e problemas de canalización das liñas eléctricas subterráneas.

A nova actuación, que consistirá na implantación de luminarias con tecnoloxía LED, permitirá mellorar a iluminación, o que redundará nun maior benestar e seguridade para os usuarios da zona, así como un importante aforro tanto no consumo -de 136.300 kWh ao ano, equivalente ao consumo anual de 40 familias- como na factura da luz do Concello -de máis do 80%, o que se traduce en 23.500 euros ao ano-. Así, a utilización de luminarias de elevado rendemento enerxético e longa vida útil pretende fomentar un uso racional da enerxía e a óptima xestión dos recursos enerxéticos, que servirá para que este proxecto sexa un referente para futuras actuacións e investimentos.

Trátase dun novo paso no compromiso da Xunta por fomentar a cultura do aforro e eficiencia enerxética entre as administracións, as empresas e os fogares galegos. Así, entre 2011 e 2016, as actuacións impulsadas desde a Consellería de Economía, Emprego e Industria, a través do Instituto Enerxético de Galicia (Inega), supuxeron a renovación de 50.000 puntos de luz nos concellos galegos. En total, destináronse, neste período, 15,4 millóns de euros a axudas que permitiron un aforro eléctrico de 21.100 MWh/ano -equivalente ao consumo anual de 6.000 familias- e un aforro económico de 3 millóns anuais.

Por outra banda, nos últimos 5 anos, o Goberno galego apoiou preto de 1000 proxectos de eficiencia enerxética no eido da industria e dos servizos, o que supuxo ter acadado un aforro enerxético anual equivalente ao consumo de 60.000 vivendas. Nos últimos anos tamén se favoreceu a redución da factura eléctrica nos fogares galegos a través de iniciativas como o Plan vivenda e as axudas para a instalación de equipamentos que utilizan enerxías renovables.